

# ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA SA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE INVESTIGACIÓNS LINGÜÍSTICAS DE INTERESE COMÚN

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Corporación Radio Televisión de Galicia SA, o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia mentres continúen desenvolvéndose os traballos de investigación referidos na estipulación terceira do acordo de colaboración.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre a CRTVG e a Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades (CRPIH), para propiciar, por un lado, a accesibilidade aos materiais audiovisuais, e mesmo escritos, da CRTVG para fins de investigación en materia lingüística, proporcionándolle ao CRPIH textos e emisións de produción propia que sirvan de material para investigación, e difundirá a través dos seus medios as súas actividades, publicacións e resultados das súas investigacións e, por outro, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades prestará á Corporación Radio Televisión de Galicia axuda en materia lexicográfica e terminolóxica, co fin de manter un alto nivel na calidade da lingua nas súas emisións, e contribuír ao desenvolvemento de ferramentas de intelixencia artificial de utilidade para a CRTVG.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Os artigos 5º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e o 6º.3 da Lei de normalización lingüística establecen que para a potenciación do emprego do galego cómpre dispor de estudos sobre diversos eidos da lingua galega.



De acordo co decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, figura o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, baixo a dirección da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que ten asignadas entre outras funcións, no seu decreto de creación –Decreto 25/1993 do 11 de febreiro, modificado polos Decretos 330/1997 e o 145/2007- a de propoñerlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística a celebración de convenios e concertos con institucións públicas ou privadas, co fin de levar a cabo o estudo filolóxico, a conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan unha investigación profunda da nosa lingua.

Así mesmo, as partes asinantes deste acordo son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización nos medios de comunicación e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

